

Praza número: 26/1026

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Composición Arquitectónica

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Documento 2

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 10:30 horas do día 4 de Setembro de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia: Cristóbal Crespo González

Secretaría: Luz Paz Agravas

Vogal 1ª: Yolanda Pérez Sánchez

Repr. persoas traballadoras: Margarita Lorenzo Durán

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afín/s multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade/s de coñecemento afín/s a/s seguinte/s:

Non se consideran áreas afíns no concurso desta praza.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro).

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso).

Praza número: 26/1026

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Composición Arquitectónica

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Estadías docentes (máximo de 2 puntos).

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos).

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos).

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de persoas autoras da publicación, e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio da editorial. A puntuación máxima dun capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos.

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congresos de calidade contrastada ou incluídos en listaxes de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución.

Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos.

Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado.

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

A Coruña, 4 de Setembro de 2026.

A presidencia,

A secretaría,